

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN  
DIDÁCTICA.  
1º CURSO DE ED. PRIMARIA  
3º TRIMESTRE  
CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP DE FIGUEIROA  
CURSO: 1º DE EDUCACIÓN PRIMARIA  
MATERIAS: CC.NN, CC.SS, L.GAL., L.CAST, MAT. ED. PLÁST.,  
VV.SS.CC E REL.  
DATA: 10 DE MAIO DE 2020

## ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES TRABALLADOS NO TERCEIRO TRIMESTRE	
Estándares de aprendizaxe traballados no 3º trimestre	Grao mínimo de consecución (Perfil de área)
<b>CIENCIAS DA NATUREZA</b>	
B2. Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade	B2.1. Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade
B2.2. Coñecer e valorar a relación entre o benestar e a práctica de determinados hábitos	B2.2.1. Relaciona a vida saudable cunha alimentación adecuada.
B3.1. Identificar e explicar en diferentes soportes, as principais características das plantas e dos animais.	B3.1.1. Explica as principais diferenzas entre plantas e animais empregando diferentes soportes.
B4.2. Experimentar e manipular instrumentos e obxectos sinxelos de uso cotián identificando algunhas propiedades físicas.	B4.2.1. Identifica cor, dureza, cheiro, sabor e textura en materiais e obxectos de uso cotián.
B5.1. Manexar obxectos e aparellos simples domésticos e escolares, describir os seus materiais e o seu funcionamento e utilízalos con seguridade evitando estereotipos sexistas.	B5.1.1. Coñece e nomea os oficios das persoas do seu contorno e evita estereotipos sexistas.
<b>CIENCIAS SOCIAIS</b>	
B2.2. Recoñecer as características básicas do aire e a auga observadas e experimentadas a través dos sentidos.	B2.2.1. Describe as características principais do aire e da auga
B3.1. Recoñecer as relacións simples de parentesco familiar e os seus roles identificándose, situándose e valorando á pertenza a unha familia con características propias así como contribuíndo ao reparto equitativo das tarefas domésticas entre os seus membros.	B3.1.1. Identifica as relacións de parentesco, discrimina os roles familiares e contribúe ao reparto equitativo das tarefas domésticas entre os membros da familia
B3.4. Identificar as partes da casa e o uso que se fai nelas e diferenciar entre os diferentes tipos de vivendas que forman a súa contorna.	B3.4.2. Identifica diferentes tipos de vivendas e describe oralmente as diferenzas.
B3.6. Coñecer os medios de transporte do seu ámbito, as características fundamentais e os clasifica segundo a súa función e uso	B3.6.1. Clasifica os diferentes medios de transporte da contorna segundo os seus usos, funcións e características
B3.5. Coñecer as características básicas da contorna próxima e diferenciar os conceptos de cidade, vila, aldea.	B3.5.1. Explica a diferenza entre cidade, vila e aldea e sitúa a súa casa nalgunha delas.
B3.7. Observar e discriminar diferentes elementos viarios que deba recoñecer un peón ou peoa para unha circulación óptima pola rúa.	B3.7.1. Coñece as sinais de tráfico necesarias para camiñar pola rúa correctamente: cores dos semáforos, pasos de peóns ou peoas, etc
<b>LINGUA GALEGA</b>	
B1.1. Comprender a información xeral e relevante de textos orais moi sinxelos procedentes da radio ou da televisión, próximos á experiencia infantil.	B1.1.1. Comprende a información xeral e relevante de textos orais moi sinxelos procedentes da radio ou da televisión, próximos á experiencia infantil.
B1.3. Comprender e producir textos orais sinxelos, propios do uso cotián ou do ámbito académico.	LGB1.3.1. Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e contestando se é preciso

	B1.3.2. Sigue unha exposición breve da clase ou explicacións sobre a organización do traballo.
B1.6. Usar fórmulas sinxelas de tratamento adecuadas nos intercambios comunicativos máis habituais.	B1.6.1. Usa fórmulas sinxelas de tratamento adecuadas para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda
B2.1. Comprender a información explícita en textos sinxelos de uso cotián ou procedentes dos medios de comunicación.	B2.1.2. Comprende informacións concretas en textos sinxelos, propios de situacións cotiás, como invitacións, felicitacións, notas e avisos ou mensaxes curtas. B2.1.3. Localiza información en textos breves e sinxelos
B2.3. Ler, de forma guiada, textos sinxelos adecuados aos seus intereses para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras.	B2.3.2. Le textos sinxelos en voz alta, acadando progresivamente a velocidade axeitada.
B3.1. Producir e reescribir textos sinxelos relativos a situacións cotiás infantís, aqueles propios dos medios de comunicación ou os relacionados coa escola, respectando as convencións elementais da escrita.	B3.1.1. Produce e reescribe textos moi sinxelos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou aviso B3.1.3. Usa o punto nos seus escritos. B3.1.4. Interésase por aplicar as regras ortográficas, con especial atención ao uso das maiúsculas.
B4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical moi básica, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua.	B4.1.2. Diferencia as sílabas que conforman cada palabra. B4.1.3. Identifica os nomes propios a partir de palabras dadas, frases ou textos.
B4.2. Coñecer, de forma xeral, as normas ortográficas máis sinxelas.	B4.2.1. Coñece, de forma xeral, as normas ortográficas máis sinxelas e aprecia o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas
B4.3. Recoñecer a relación entre son e grafía así como as palabras como instrumento para a segmentación da escritura.	B4.3.1. Recoñece a relación entre son e grafía B4.3.2. Separa as palabras que conforman un enunciado.
B5.1. Recrear e reescribir de xeito moi sinxelo diversos textos literarios, usando modelos.	B5.1.1. Recrea e reescribe de xeito moi sinxelo diversos textos literarios: breves contos, poemas, refráns, adiviñas, trabalinguas, cantigas e xogos de sorte; usando modelos.
B5.2. Ler, de forma guiada, textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade e á autonomía lectoras.	B5.2.1. Le, de forma guiada, textos en silencio, adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á autonomía lectora.
<b>LINGUA CASTELÁ</b>	
B1.9. Expresarse de forma oral en diferentes situacións con vocabulario axeitado e unha secuencia coherente	B1.9.2. Describe, de forma sinxela, persoas, animais obxectos e lugares seguindo unha orde: de arriba a abaixo; de abaixo a arriba
B2.1. Ler en voz alta diferentes tipos de textos infantís breves e sinxelos.	B2.1.1. Lee con pronunciación e entoación axeitada, textos sinxelos, de variada tipoloxía, breves e adaptados á súa idade.
B3.1. Interiorizar e utilizar as normas básicas de escritura e os seus aspectos gráficos	B3.1.2. Identifica diferentes tipos de texto escrito: listas, receitas, narracións, poesía, noticia ...
B3.3. Planificar e producir, con axuda, diferentes tipos de textos atendendo ao seu formato (descritivos, narrativos, dialogados) e intencionalidade comunicativa	B3.3.2. Presenta os seus escritos con limpeza, evitando riscos

(informativos, literarios e prescritivos) e coida a presentación	
B4.1. Aplicar os coñecementos gramáticos básicos sobre a estrutura da lingua.	B4.1.1. Desenvolve a conciencia fonolóxica: identifica sílabas e fonemas como elementos fundamentais da palabra. B4.1.2. Recoñece o alfabeto e iníciase na orde alfabética
B4.2. Mellorar o coñecemento da lingua e sistematizar a adquisición de vocabulario	B4.2.4. Identifica no seu contorno palabras derivadas de outras moi evidentes.
B4.3. Aplicar os coñecementos básicos sobre as regras ortográficas para favorecer unha comunicación máis eficaz.	B4.3.1. Utiliza de forma correcta os signos de puntuación e as normas ortográficas propias do nivel e as aplica á escritura de textos significativos sinxelos e seguindo modelos.
B5.1. Apreciar o valor dos textos literarios sinxelos e utilizar a lectura como fonte de gozo e información.	B5.1.1. Identifica sinxelos textos propios da literatura infantil: contos, poesías, cómics, adiviñas
<b>MATEMÁTICAS</b>	
B1.1. Expresar verbalmente de forma sinxela o proceso seguido na resolución dun problema	B1.1.1. Comunica verbalmente de forma sinxela o proceso seguido na resolución dun problema simple de matemáticas ou en contextos da realidade.
B1.2. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais polo traballo matemático ben feito.	B1.2.1. Desenvolve e amosa actitudes axeitadas para o traballo limpo, claro e ordenado no caderno e en calquera aspecto a traballar na área de Matemáticas.
B2.1. Ler, escribir e ordenar números enteiros utilizando razoamentos apropiados.	B2.1.1. Le, escribe e ordena números ata o 99.
B2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.	B2.2.2. Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá números naturais ata o 99. B2.2.4. Ordena números enteiros e represéntaos na recta numérica.
B2.3. Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas.	B2.3.1. Realiza cálculos numéricos básicos coa operación de suma na resolución de problemas contextualizados. B2.3.2. Realiza cálculos numéricos básicos coa operación de resta (sen levadas) na resolución de problemas contextualizados
B2.4. Identificar e resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas	B2.4.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados. B2.4.2. Iníciase na reflexión sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto
B3.1. Utilizar o palmo, o paso e o pé para realizar medidas e estimacións.	B3.1.1. Realiza medicións co palmo, o paso e o pé.
B4.1. Interpretar representacións espaciais sinxelas realizadas a partir de sistemas de referencia e de obxectos ou situacións familiares	B4.1.1. Describe a situación dun obxecto do espazo próximo en relación a un mesmo utilizando os conceptos de esquerda-dereita, diante-detrás, arriba-abaixo, preto-lonxe e próximo-afastado.
B4.2. Coñecer as figuras planas básicas: cadrado, círculo, rectángulo e triángulo.	B4.2.1. Recoñece formas rectangulares, triangulares e circulares en obxectos do contorno inmediato.
<b>EDUCACIÓN PLÁSTICA</b>	

B1.2. Valorar a limpeza, os materiais e a orde na realización dunha tarefa plástica e o seu produto final.	B1.2.1. Valora a importancia da limpeza, do coidado do material e da orde para alcanzar o resultado final proposto.
B1.3. Describir calidades e características dos materiais, dos obxectos e dos instrumentos presentes no contexto natural e artificial	B1.3.2. Identifica, nomea e debuxa as formas básicas. B1.3.3. Identifica os tamaños. B1.3.4. Identifica e usa as cores aprendidas. B1.3.6. Recoñece e nomea as principais partes da figura humana. B1.3.7. Identifica figuras xeométricas básicas.
B2.1. Probar en producións propias as posibilidades que adoptan as formas, texturas e cores.	EPB2.1.1. Manexa e emprega as diferentes texturas naturais e artificiais. EPB2.1.3. Usa diferentes tipos de materiais e experimenta con eles para crear a posteriori obras plásticas.

### AS COMPETENCIAS TRABALLADAS NO TERCEIRO TRIMESTRE

Durante este trimestre traballaremos fundamentalmente as competencias lingüística (CL) e a matemática (CMCT). Ao mesmo tempo empregaremos aplicacións que contribuíran a desenvolver a competencia dixital (CD) nas familias e ao desenvolvemento do uso delas por parte dos nenos e nenas. As dúas primeiras -CL e CMCT- son ferramentas necesarias para o desenvolvemento dunha aprendizaxe eficiente e autónoma e o que trataremos de desenvolver é un hábito continuo e constante de lectura que lles permita reforzar as aprendizaxes realizadas nos primeiros trimestres e seguir avanzando cada un dende as súas posibilidades. No deseño das actividades buscaremos desenvolver a comprensión e expresión escrita e oral e a mellora da lectura e da escritura.

Na matemática trataremos de consolidar a realización de operacións básicas, o coñecemento da numeración e os contidos básicos para o noso curso. En canto á Competencia Dixital o propio sistema de intercambio de información e traballo está favorecendo a utilización de aplicacións e ferramentas tecnolóxicas novas e a utilización destes recursos para a busca de información e aportación de contido.

Tamén trataremos a partir da colaboración coas familias de lograr que o alumnado vaia empezando a corrixir fichas moi sinxelas de maneira autónoma.

## 1. Avaliación e cualificación

En Educación Primaria a programación é realizada dende as titorías polo que os procedementos e instrumentos empregados son válidos para todas as materias.

<b>Avaliación</b>	<b>Procedementos:</b> <ol style="list-style-type: none"><li>1. Observación sistemática a través de distintas aplicacións.</li><li>2. Análise de producións.</li><li>3. Intercambios orais coas familias.</li><li>4. Probas específicas. (Gravacións de vídeo lendo).</li></ol>
	<b>Instrumentos:</b> <ol style="list-style-type: none"><li>1. Listas de control de realización de actividades propostas.</li><li>2. Análise de traballos propostos ao alumnado tales como traballo impreso, resumes, gravacións, etc.</li><li>3. Entrevistas coas familias e atención individual a cada unha.</li><li>4. Resolución de exercicios e actividades propostas.</li></ol>
<b>Avaliación Terceiro Trimestre e cualificación final</b>	<p>A avaliación será continua e formativa. Terá como finalidade ben a recuperación da materia non superada en trimestres anteriores ou poderá mellorar a cualificación anual dos alumnos.</p> <p>A nota coincidirá coa da segunda avaliación se esta é positiva e poderá valorarse un incremento da mesma se o mestre á vista do traballo realizado por cada alumno ou alumna neste terceiro trimestre o considera oportuno. No caso de alumnos con algunha destas materias pendentes nos primeiros trimestres valorárase a recuperación das mesmas á vista do traballo realizado.</p> <p>A avaliación final será continua en todas as materias impartidas dende a titoría e en Relixión.</p>

## 2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<p><b>Actividades</b></p>	<p>MATEMÁTICAS: As actividades planificadas para este trimestre serán:  DE REPASO e REFORZO: Exercicios prácticos con contidos pertencentes a unidades didácticas traballadas nos dous anteriores trimestres para consolidar coñecementos xa adquiridos. Actividades relacionadas con necesidades que xorden na vida diaria para aplicar eses coñecementos en situacións prácticas. Estas actividades de reforzo e repaso servirán de RECUPERACIÓN a aqueles alumnos ou alumnas que non teñan superada a materia dos dous primeiros trimestres. Moitas destas actividades son interactivas e lúdicas tendo en conta a curta idade dos nosos alumnos.</p> <p>L.G e L.C: As actividades planificadas para este trimestre serán de repaso, reforzo e consolidación dos estándares antes sinalados. Facemos especial fincapé na lectura comprensiva e na mellora da escritura e ortografía.</p> <p>CC.NN e CC. SS: Realizaranse tarefas propostas e vídeos relacionados coas unidades xa traballadas</p> <p>VV.SS.CC e E.P: Recibirán propostas lúdicas e lecturas recomendadas e en Educación Plástica ofreceránselle propostas variadas e lúdicas para que poidan poñer en práctica a súa creatividade e distintas técnicas xa traballadas.</p>
<p><b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b></p>	<p>Neste momento todo o alumnado de primeiro dispón de conectividade e ten como mínimo un ordenador por familia.</p> <p>A metodoloxía vese moi afectada polas circunstancias que estamos a vivir pero intentamos que sexa o máis comunicativa e participativa posible dentro dos canles dos que dispoñemos; páxina web do centro, videoconferencia, blog, wasap, correo electrónico. A participación das familias é un pilar fundamental neste caso .</p> <p>As actividades propostas poden ser interactivas e autoavaliáveis ou poden ser enviadas como tarefas que logo corriximos e comentamos a cada alumno. Tamén aportamos solucionarios dalgunhas actividades para fomentar a autonomía aínda que dada a idade dos nosos alumnos aínda precisan moito acompañamento das familias. Cada semana programamos distintas tarefas e con Abalar móbil facemos chegar avisos ou comentarios ás familias sobre o seguimento do alumnado así como titorías. As familias poden comunicarse así mesmo co nós polo correo corporativo ou teléfono se a situación o require.</p>
<p><b>Materiais e recursos</b></p>	<p>Realización de vídeos explicativos por parte das titoras.</p> <p>Tarefas e actividades deseñadas</p> <p>Materiais dixitais seleccionados polas titoras</p> <p>Blogs de Aula</p>



### 3. Información e publicidade

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Farase unha comunicación ás familias empregando o Abalar Móbil ou correo corporativo.
<b>Publicidade</b>	Na páxina web do centro.